



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

### **FAGO CONSTAR:**

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 21 de xullo de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

#### **Praza: 25/3026**

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Composición Arquitectónica

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: ETS de Arquitectura

O día 2 de xullo a Comisión de reclamacións reúnese para analizar a reclamación presentada por Dona Cristina Botana Iglesias e, á vista do expediente administrativo do concurso e do informe da Comisión de selección, acorda solicitar da Comisión de selección a puntuación desagregada e motivada concedida a cada un dos artigos en revistas científicas (na sección III.1 do baremo) alegados pola reclamante e a valoración de todos os proxectos de investigación de convocatorias competitivas (sección III.6) axeitadamente documentados pola reclamante, independentemente da fase de realización en que se encontren.

O día 11 de xullo a Comisión de reclamacións reúnese para valorar de novo a reclamación de Dona Cristina Botana Iglesias e a resposta dada pola Comisión de selección ao seu acordo. Tras esta reunión, a Comisión de reclamacións acorda instar á Comisión de selección a que realice a valoración dos proxectos de investigación de convocatorias competitivas (sección III.6) axeitadamente documentados pola reclamante, independentemente da fase de realización en que se encontren.

O día 21 de xullo reúnese novamente a Comisión de reclamacións para valorar a resposta dada pola Comisión de selección ao seu acordo de 11 de xullo. Dado que a Comisión de selección non procede a realizar a baremación dos proxectos tal e como foi indicado pola Comisión de reclamacións no marco da Normativa de selección do persoal docente e investigador, a Comisión de reclamacións acorda:

\_instar á Comisión de selección a que execute o acordo da Comisión de reclamacións de data 11 de xullo en que se lle indicaba claramente que valorase a participación en proxectos de investigación da reclamante Dona Cristina Botana Iglesias independentemente da fase de execución en que se encontren

\_instar á Comisión de selección a que realice a revisión da valoración dada nos proxectos de investigación a todas as persoas concursantes, toda vez que a citada Comisión de selección confirma que non valorou os proxectos non concluídos de ningunha das persoas candidatas

\_instar á Comisión de selección a que remita a nova proposta de provisión xunto coa correspondente táboa excel

\_dar á Comisión de selección un prazo máximo de 5 días hábiles contados a partir da publicación deste acordo no TEO para a súa execución e remisión á vicerreitoría de Profesorado da correspondente documentación



\_facer público este acordo

De non executar a Comisión de selección este acordo, e en virtude do establecido no punto 10.8 da Normativa para a selección do persoal docente e investigador, procederase a nomear unha nova Comisión de selección para vulgar a praza 25/3026.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado  
Teresa López Fernández